

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI169	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 08-06-15 08:16

Número 14 .- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 05 de xuño de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 14 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA E PATRIMONIO RELATIVA AO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS NOCTURNOS DO 24 E DO 31 DE XULLO DENTRO DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2015 DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta do director de Festas, de data 1 de xuño de 2015, conformado coa mesma data pola concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio. Así mesmo, do informe nº 412/2015 de data 3 de xuño de 2015, da técnico de Intervención e da Interventora xeral municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela

ASUNTO: Aprobación do prego e apertura do procedemento de adxudicación.

I ANTECEDENTES:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI169	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 08-06-15 08:16

1. Con data 17 de abril de 2015 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o inicio do expediente para a contratación deste servizo por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

2. Con data 29 de maio a mesa de contratación convocada ó efecto acordou deixar deserta a licitación, con base na inadecuación das cinco ofertas presentadas.

3. Coa mesma data, incorpórase ó expediente un novo prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "declarado deserto por inadecuación das ofertas presentadas o procedemento aberto convocado inicialmente, pode tramitarse por procedemento negociado, regulado nos artigos 169, 170 e 174 do TRLCSP, sen necesidade de publicidade, consonte ó artigo 170.c do TRLCSP, solicitando como mínimo ofertas ás cinco empresas presentadas ó antedito procedemento aberto".

II CONSIDERACIÓNS:

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. No que respecta a outras consideracións xurídicas, remítome o anteriormente mencionado informe do departamento de contratación.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista de canto antecede, entendo que procede continuar coa tramitación do procedemento, polo que propoño á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela:

Primeiro: **Deixar deserto** o procedemento aberto convocado dentro da licitación de referencia, rexeitando as ofertas presentadas polas empresas:

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMGZI169	Expediente	Fecha 08-06-15 08:16

ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA e PIROTECNIA ZARAGOZANA que sobrepasan o número máximo de folios establecido na cláusula 13.3 do prego de aplicación que taxativamente sinala:

"A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estrictamente de 30 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 30 folios.

As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente **excluídas** da licitación."

. FORCS D'ARTIFICI EUROPLA SL e ASL LIGHT SOLUTIONS SL, que non presentan debidamente asinada a súa documentación, incumprindo tamén o taxativo requerimento do prego na súa cláusula 13.3 que sinala

"Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre."

. PIROTECNIA QUILES SL que incumpre o prego técnico de aplicación presentando un proxecto que sinala como zonas de disparo áreas expresamente prohibidas.

Segundo: Aprobar un novo prego correspondente ó Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de **180.000,00 euros IVE** aparte, solicitando ofertas ás cinco empresas presentadas ó antedito procedemento aberto.**

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 37.800,00 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **040 33800 22699.** "

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMGZI169	Expediente	Fecha 08-06-15 08:16

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Deixar deserto o procedemento aberto convocado dentro da licitación de referencia, rexeitando as ofertas presentadas polas empresas:

. ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA e PIROTECNIA ZARAGOZANA que sobrepasan o número máximo de folios establecido na cláusula 13.3 do prego de aplicación que taxativamente sinala:

"A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estrictamente de 30 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 30 folios.

.
As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente **excluídas** da licitación.",

. FORCS D'ARTIFICI EUROPLA SL e ASL LIGHT SOLUTIONS SL, que non presentan debidamente asinada a súa documentación, incumprindo tamén o taxativo requerimento do prego na súa cláusula 13.3 que sinala

"Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.",

. PIROTECNIA QUILES SL que incumpre o prego técnico de aplicación presentando un proxecto que sinala como zonas de disparo áreas expresamente prohibidas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI169	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 08-06-15 08:16

Segundo: Aprobar un novo prego correspondente ao **Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela**, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento negociado sen publicidade**, establecéndose un tipo de licitación de **180.000,00 euros IVE** aparte, solicitando ofertas ás cinco empresas presentadas ao antedito procedemento aberto.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 37.800,00 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **040 33800 22699**.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
Documento CONZI0LN	Expediente CON/27/2015	

15078DCONZI0LNR
2 15078DCONZI0LNR6 »
2 15078DCONZI0LNR6 »

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 29 de maio de 2015, ás 11.10 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Mª Ángeles Antón Vilasánchez

Vocais: D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Enrique Vázquez, director de festas
D. Ignacio Soto, director técnico DUS
Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliábel mediante cifras ou porcentaxes, do que resulta que a única empresa admitida á licitación incumpre de xeito insubsanable o prego técnico de aplicación, presentando un proxecto que sinala como zonas de disparo áreas expresamente prohibidas.

Polo tanto, a mesa acorda por unanimidade **deixar deserta** esta licitación, rexeitando as ofertas presentadas polas empresas:

. ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA e PIROTECNIA ZARAGOZANA que sobrepasan o número máximo de folios establecido na cláusula 13.3 do prego de aplicación que taxativamente sinala:

"A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estrictamente de 30 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 30 folios.

*.....
As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente **excluídas** da licitación."*


. FORCS D'ARTIFICI EUROPLA SL e ASL LIGHT SOLUTIONS SL, que non presentan debidamente asinada a súa documentación, incumprindo tamén o taxativo requerimento do prego na súa cláusula 13.3 que sinala

*"Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscribida na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre."*


. PIROTECNIA QUILES SL que incumpre o prego técnico de aplicación presentando un proxecto que sinala como zonas de disparo áreas expresamente prohibidas.

Ás 11.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0LN	<i>Expediente</i> CON/27/2015	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000,00 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 26 de maio de 2015, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª Mª Ángeles Antón Vilasánchez

Vocais: D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Enrique Vázquez - Director de Festas
D. Ignacio Soto - Director técnico DUS
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dna. Beatriz Bugallo Sánchez, en representación da empresa ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	20-05-2015	22397	ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO S.A.
2	20-05-2015	22406	PIROTECNIA QUILES S.L.
3	20-05-2015	22497	FORCS D'ARTIFICI EUROPLA S.L.
4	20-05-2015	22503	PIROTECNIA ZARAGOZANA
5	21-05-2015	22644	ASL LIGHT SOLUTIONS S.L. (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a mesa de contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando:

. que a empresa ACCIONA PRODUCCIONES Y DISEÑO SA e PIROTECNIA ZARAGOZANA sobrepasan o número máximo de folios establecido na cláusula 13.3 do prego de aplicación que taxativamente sinala:

"A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estrictamente de 30 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 30 folios.

*As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente **excluídas** da licitación."*

polo que a mesa acorda a súa exclusión da licitación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZIOLN	<i>Expediente</i> CON/27/2015	

15078DCONZIOLNR
215078DCONZIOLNR6»
215078DCONZIOLNR6»

. que as empresas FORCS D'ARTIFICI EUROPLA SL e ASL LIGHT SOLUTIONS SL, non presentan debidamente asinada a súa documentación, incumprindo tamén o taxativo requerimento do prego na súa cláusula 13.3 que sinala


*“Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscripción na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.”*

polo que a mesa acorda a súa exclusión da licitación.

Finalmente a mesa acorda o traslado da documentación da oferta admitida aos técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliábeis mediante cifras.

Ás 9:28 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

